



A canadense **Erín Moure** é unha poeta en lingua inglesa que por veces escribe tamén en francés e en galego. Constituindo unha das voces máis renovadoras e recoñecidas da literatura canadense -tal e como testemuñan as máis importantes antoloxías poéticas do seu país- ela conta con quince poemarios publicados dende o ano 1979. Estes valéronlle distincións coma o Premio AM Klein, o Governor General's de Poesía ou o Pat Lowther Memorial Award, ademais de facela tres veces finalista do Premio Griffin de Poesía. Os seus títulos máis recentes son *O Cidadán* (2002), *Little Theatres* (2005), *O Cadoiro* (2007), *O resplandor* (2010), *Pillage Laud* (2011) e *The Unmemntioable* (2012) –todos publicados en Toronto- a carón dos que viron a luz en Montreal e en Vigo: respectivamente *Petits Théâtres* (2013) en francés e *Teatriños* (2007) vertido ó galego por María Reimóndez.

Moure é tamén autora de ensaios, cos que ten contribuído en publicacións especializadas tanto coma en simposios e congresos de América e Europa, en especial sobre crítica literaria e tradución. Do mesmo xeito experimentou coa performance poética, levando a cabo pezas en colaboración con outras artistas. Mais esta prolífica escritora, residente en Montreal, é tamén unha sobranceira tradutora literaria, que ten trasladado á lingua inglesa obras de autores que van dende Nicole Brossard ata Rosalía de Castro, pasando por Andrés Ajens, Fernando Pessoa ou Chus Pato. Poeta experimental, autora multilingüe, intelectual de vangarda e pensadora crítica e feminista, Moure constitúe hoxe a maior mediadora entre os sistemas literarios galego e canadense.

Homenaxe ao mineral básico de borscht

*Na remolacha hai algo de terra.
Algo de humidade
Algo de humildade
algo mineral. E auga.
A remolacha é depósito de auga.
Recipiente de auga
sangue de terra
sangue de cultivo
sangue azul de tanto encarnado.*

*Tiven remolacha
cando tiven corpulencia
cando fun solo de terra
errando pola terra para terme*

*auga.
Humedecerme nas remolachas.
Cor da miña cor.
Coquetería do meu corazón.*



(ERÍN
MOURE)

Luns **1** de **decembro**
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS
DI(N)VERSOS



María Reimóndez





Achim Wagner

María Reimóndez Meilán naceu en Lugo e é tradutora e intérprete de profesión. Entrou na literatura galega pola porta da poesía en 2002, co poemario *Moda Galega*, que se reeditaría en 2013 e que máis tarde revisitaría nun novo título, *Moda galega reloaded* (2014). Como poeta publicou tamén *Presente continuo* (2013) e, no mesmo ano, o volume *kleinigkeiten*, escrito por Reimóndez en alemán aínda que tamén traducido máis tarde para o galego (*kleinigkeiten/cousiñas*, 2013).

Pero, ademais de poeta e tamén ensaísta, Reimóndez ten unha ampla traxectoria como novelista para público adulto e infantil. Nese sentido e entre os seus moitos títulos, cabe destacala como gañadora dos últimos premios Xerais de Novela –*Dende o conflito* (2014)- e de Novela por entregas de La Voz de Galicia –por *A dúbida*. Alén diso, conta cunha longa carreira como tradutora: de literatura infantil, novela, teatro e mesmo poesía (vertendo ao galego os *Teatriños* de Erín Moure). Nesta faceta levou premios coma o Plácido Castro de tradución literaria.

Colabora en prensa, publica no campo da investigación e imparte conferencias, maiormente sobre tradución, cooperación ao desenvolvemento e crítica literaria. Neste último aspecto é unha das impulsoras da plataforma de crítica feminista A Segra (www.asegra-critica.net). Traballando en cooperación dende o ano 1994, en 1998 María Reimóndez fundou a ONG de Cooperación ao Desenvolvemento crítica e feminista Implicadas/os no Desenvolvemento (www.implicadas.com), na que segue a desenvolver un incansable labor.

*En inverno,
sobre todo en inverno,
todos os camiños
levan ao corteinglés.
Coma nunha película mala
de ciencia ficción,
atraídas polo extraterrestre,
unha nave espacial
con forma cadrada
que acampa entre nós
para chucharnos o cerebro
a través da tarxeta de crédito.
Tan sinxelo.
Tan indoloro.
Tan de "o inverno é moda
no corteinglés".*



(MARÍA REIMÓNDEZ)

Luns **1** de **decembro**
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS



Erín Moure

